

BOLETÍN SINDICAL DA CIG-TELFÓNICA EN PONTEVEDRA **Informe do Pleno ordinario do Comité provincial do 11-3-2011**

Hai unha **proposta brutal de recorte de quendas e gardas en Operacións Locais da nosa provincia**, que obedece –segundo a CIG- a un criterio de abondar na externalización das nosas actividades e dos servizos que actualmente presta con persoal propio para darllo ás contratas, vía medre do que chaman *“pago por acceso”*. **Ademais de rexeitar esta estratexia que supón hipotecar os nosos postos de traballo**, na CIG propuxemos ao Pleno:

1. Que o Comité recabe da Empresa as **condicións destes contratos** de “pago por acceso” na nosa provincia.
2. Que o Comité provincial **se dirixa ao Comité Intercentros para que sexa éste quen pida explicacións e o alcance** destes recortes en Operacións.
3. O Comité debe **consultar cos afectados mediante assembleas**.

De novo a maioría do Pleno rexeitou o tratamento cos traballadores/as dos asuntos que lles afectan, antes de reunirse coa Empresa, aínda que aprobáronse por unanimidade os dous primeiros puntos da nosa proposta.

Folgas polos Despedimentos

A **proposta conxunta de CIG-CGT para o apoio ás folgas do 17 de marzo e 7 de abril co obxectivo da readmisión inmediata destes compañeiros** foi desestimada polos votos dos sindicatos que defenden a pasividade da maioría do Comité Intercentros neste grave asunto.

A estas alturas presentan unha proposta de apoio “ás accións iniciadas polo C.I.”, accións que ata o de agora son inexistentes ou desmobilizadoras, e critican abertamente tanto as mobilizacións e as folgas realizadas como as que están en curso.

Tampouco admiten que o Comité faga as assembleas que solicitamos porque están en contra da colectivización dos nosos problemas. Expresan que estes despedimentos non deben abordarse fóra das provincias dos afectados, o que reflicte unha conciencia e unha estratexia de actuación claramente antisindical.

Máis ca nunca, animamos a participar na convocatoria unitaria do vindeiro xoves 17 de marzo contra os despidos dos nosos compañeiros e en defensa do Emprego en Telefónica.

Formación e Antigüidade

Diante da **negativa da Empresa a informar ao Comité** sobre os/as compañeiros/as afectados/as e das acción que ten previstas, tanto para darlle cumprimento á sentenza do conflito colectivo, como para recibir formación equitativa, **acordouse por unanimidade acudir á Inspección de Traballo para forzar a Empresa a cumprir as súas obrigas, como propuxo a CIG**. Tamén propuxemos assembleas informativas cos afectados/as, que foron rexeitadas pola maioría que controla o Comité.